


A auga no mundo

A auga é un recurso limitado e irregularmente repartido.




Na distribución da auga inflúen condicións naturais (clima, relevo ...) e condicións económicas (tecnoloxía, capacidade para deseñar sistemas de extracción, distribución e saneamento...). Desde os primeiros tempos a auga condicionou os asentamentos humanos e a economía. A súa presenza determinou o éxito de moitas civilizacións e a súa desaparición o fracaso e abandono de amplos territorios. Na actualidade a seca é causa de grandes catástrofes ecolóxicas e humanas e impulsa a moitas persoas a emigrar.


A auga dos acuíferos considérase un recurso renovable sempre que o volume extraído non sexa maior que a súa taxa de rexeración. Como a renovación adoita ser moi lenta en moitos lugares os acuíferos están esgotados ou sobreexplotados.



Os países desenvolvidos consumen auga por enriba das súas necesidades mentras un tercio da poboación sofre restricións e máis de 1.400 millóns de persoas carecen de auga potable.



CONSUMO MEDIO DE AUGA POR PERSOA E DÍA NUN PAÍS DESENVOLVIDO.



En Galicia dispoñemos de 3,18 billóns de litros de auga. O 40% consévese nas vivendas e nas industrias e o 60% na agricultura.

CONSUMO DE AUGA NO FUTURO



O 40% da auga en condicións de ser utilizada pérdese por mala xestión.


ALTERNATIVAS

Para mellorar a distribución da auga e facer fronte aos graves problemas de escaseza é preciso mellorar a eficiencia no seu uso (sistemas de conducción e rego, cultivos axeitados ao clima, aforro doméstico, reutilización....) e deseñar tecnoloxías que o fagan posible. Os países desenvolvidos teñen a obriga de colaborar cos máis necesitados para acadar unha máis xusta distribución dos recursos hídricos.



O mar é unha gran reserva de auga, pero para poder utilizala para o consumo humano ou para a agricultura debe ser desalgada.

Nas plantas desalinizadoras a auga sométese a diferentes procesos para extraerlle o sal. Este sistema estase a utilizar nos países con forte escaseza de auga doce que están á beira do mar.



Sistema de rego a pinga nun invernadoiro.

